

::Axenda cultural AELG::

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

ARQUIVOS DA ETIQUETA: UNA CORRIENTE SALVAJE

Raúl Dans gaña o XXXVII *Premi Born de Teatre* de Menorca

Publicado o **28 Novembro 2012** por [asociacionescritoras-es](#)

O



dramaturgo [Raúl Dans](#) foi galardoado co [XXXVII Premi Born de Teatre](#), pola obra titulada *Una corriente salvaje*. O texto, orixinalmente escrito en galego e traducido ao castelán polo propio autor para presentalo ao devandito concurso, é, en palabras de Dans, “unha historia de amor prohibido e tinxido de dramatismo, que se desvela no ambiente pechado dunha casa de montaña durante unha noite de treboada”.

A peza, como destaca a acta do xurado, formado entre por outros profesionais da escena polo director do [Teatre Nacional de Catalunya](#), Xavier Albertí, “ten misterio e suspense, e garda sorpresas até o mesmo final da obra”. Ademais da dotación económica do premio, a entidade organizadora do concurso, o [Cercle Artístic de Menorca](#), ten previsto publicar a peza nos catro idiomas oficiais: catalán, euskera, castelán e galego. Da publicación en galego ocuparase a [Revista Galega de Teatro](#).

Raúl Dans xa gañou este mesmo premio, un dos máis importantes e prestixiosos dos que se convocan en España, no 1997, coa súa obra [Derrota](#).

Publicado en [Premios teatro: ditames](#) | Etiquetado [Cercle Artístic de Menorca](#), [Premi Born de Teatre](#), [Raúl Dans](#), [Revista Galega de Teatro](#), [Una corriente salvaje](#), [Unha corrente salvaxe](#)